



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de setembro de 2020 (868/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezasete de setembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(709).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de setembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(710).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA” PARA O SOSTEMENTO DO SEU COMEDOR SOCIAL E SERVIZO E REPARTO DE ALIMENTOS (2020-2021). EXPTE. 201035/301.

Visto o informe xurídico do 03/09/20 e informe de fiscalización do 04/09/20, dáse conta do informe-proposta do 02/09/2020, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.2. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside precisamente a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.3. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ten intención de traballar conxuntamente coa “Asociación La Sal de la Tierra”; entidade sen ánimo de lucro que presta un servizo inestimable no tocante á atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social que ten en funcionamento na rúa Manuel de Castro e o servizo de reparto de alimentos. Estímase conveniente programar esta colaboración para os exercicios de 2020 e 2021.

I.4. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2020 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 - “*Convenio Comedor La Sal de la Tierra*” (10.000€). A subvención prevista para o exercicio de 2021 (outros 10.000€/ano) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dese ano.

I.5. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.6. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.7. Artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contrapresta-



Concello de Vigo

ción económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de dous (2) anos (2020 e 2021), dacordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

En todo caso, como dixemos antes, a anualidade futura quedará necesariamente subordinada ó crédito que se consigne no seu caso no orzamento de 2021.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración para os anos 2020 e 2021 entre a Concellería de Política de Benestar Social e a “Asociación La Sal de La Tierra” (CIF G03542362) para o sostemento do seu comedor social e servizo de reparto de alimentos; recursos complementarios dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 20.000€, a razón de 10.000€/ano, con cargo no exercicio de 2020 á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 - “*Convenio Comedor la Sal de La Tierra*”. A achega correspondente a futuros exercicios (2021) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA” PARA O SOSTEMENTO DO SEU COMEDOR SOCIAL E SERVIZO DE REPARTO DE ALIMENTOS (2020 – 2021)»

En Vigo, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Jose Luis Moracho Cupido, con DNI n.º 51.597.432-Z, Secretario da «Asociación La Sal de La Tierra» a nivel nacional e director da sede en Vigo, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Manuel de Castro n.º 9, baixo (CP 36210).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, dacordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. José Luis Moracho Cupido, actuando en representación da «Asociación La Sal de La Tierra» (CIF G-03542362), segundo así resulta da documentación achegada ó Exp. nº 201134/301, asegurando o comparecente que as facultades expresamente conferidas pola Asemblea xeral da Asociación para a sinatura deste convenio non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/as comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación La Sal de La Tierra» é unha entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co nº 349/94 e no RUEPSS da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (E-1451) que ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social.

A Asociación céntrase na atención ás necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen temporal ou de forma permanente en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación a través dun comedor social e dun servizo de reparto de alimentos.

II.- Que o comedor social da rúa Manuel de Castro, dependente da «Asociación La Sal de La Tierra», constitúe un valioso recurso ó servizo de moitas persoas en situación de necesidade e complementa os servizos sociais de atención primaria da cidade; especificamente, os dispositivos xa existentes desta mesma natureza.



Concello de Vigo

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que precisa acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementario dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra e os comedores doutras entidades, asociacións e fundacións, coas que xa se ten chegado a acordos de cofinanciamento semellantes.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público,

debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2020, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación La Sal de La Tierra» para o sostemento do seu comedor social na rúa Manuel de Castro desta cidade e servizo de reparto de alimentos.

SEGUNDA.- A «Asociación La Sal de La Tierra» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

- 1) Xestionar o funcionamento dun comedor social, de luns a venres durante todo o ano (agás no mes de agosto) e un servizo de reparto de alimentos para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica. O comedor poderán acudir as persoas directamente ou derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello.
- 2) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades previstas e aboar as taxas, impostos e demais gastos derivados da súa execución.
- 3) Presentar nos prazos que establece o Convenio as Memorias xustificativa e económica e a demais documentación requirida.



Concello de Vigo

- 4) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación La Sal de La Tierra» unha subvención para cada un dos exercicios de 2020 e 2021 por importe de 10.000€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 20.000€. O gasto en 2020 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 – “*Convenio Comedor la Sal de La Tierra*”. A achega correspondente a futuros exercicios (2021) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos municipais.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- a) No ano 2020, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- b) Con carácter excepcional e a fin de garantir o normal funcionamento da actividade de subministro de alimentos básicos por parte da «Asociación La Sal de La Tierra» no contexto da grave crise provocada pola pandemia do COVID-19, o 50% restante do importe da subvención poderá aboarse tan pronto como se xustifique o anterior 50%, pospoñéndose a xustificación da totalidade da subvención concedida para a data límite do 1 de novembro; xustificación que deberá realizarse mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unírase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de dous (2) anos (2020 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Asociación La Sal de La Tierra» e dous técnicos municipais de Benestar



Concello de Vigo

social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- A «Asociación La Sal de La Tierra» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria, de protección de datos de carácter persoal e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos dous exercicios (2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos)

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VISÉXIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VISÉXIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

3(711).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO PRESENTADO CONTRA OS PREGOS DO CONTRATO DE APERTURA, ATENCIÓN AO PÚBLICO, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES EXPTE. 3275/611.

Dáse conta da proposta de data 9/09/2020, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 135/2020 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 130/2020, interposto por ALCOR SERVICIOS AUXILIARES S.L. contra os pregos da contratación para a prestación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, expediente 3275-611c. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

- 1. Desestimar o recurso interposto por ALCOR SERVICIOS AUXILIARES S.L. contra os pregos da contratación para a prestación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, expediente 3275-611 dese Concello.*
- 2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*
- 3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(712).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN PROTOCOLARIA PARA A CELEBRACIÓN DE ACTOS E RECEPCIÓNS CELEBRADOS POLO CONCELLO DEVIGO. EXPTE. 18030/101.

Visto o informe de fiscalización do 14/09/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 14/09/2020, que di o seguinte:



Concello de Vigo

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e simplificado consonte ao disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, para o contrato de prestación do servizo de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 9 de xuño de 2020.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 10 de xuño de 2020.

Cuarto.- Aprobar el gasto por importe de TRINTA Y SETE MIL TRESCIENTOS CINCUENTA E DOUS CON CORENTA E NOVE (37.352,49€), sendo o importe correspondente ao IVE de SEIS MIL CATROCIENTOS OITENTA E DOUS CON SESENTA Y SEIS (6.482,66 €€). A cantidade de 18.676,25 € imputarase ao vixente presuposto de 2020, e o importe de 18.676,24 ao orzamento de 2021.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) ou a bolsa de vinculación do orzamento da Alcaldía

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento aberto simplificado”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 27 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101) na seguinte orde descendente:

	<i>Licitador</i>	<i>Puntuación</i>
1	SACAFERRO, S.L	96
2	DAEGA	85,47
3	ERP, PUBLICIDAD, S.L	81,69
4	TROSMA PRODUCCIONES, S.L	62,15
5	ADECCO OUTSOURCING, S.L	34,94

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L (CIF: B27704980), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego e acordo de confidencialidade, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L., o día 28 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 7 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,



Concello de Vigo

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SACAFERRO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SACAFERRO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 4 e 24 de agosto de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SACAFERRO, S.L. (CIF B-27.704.980) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101) por un prezo total de 37.352,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.482,66 euros e cunha porcentaxe de redución a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 30%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(713).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 11979/255.

Visto o informe de fiscalización do 15/09/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 14/09/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, por un prazo de tres anos conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente o 24/04/2020, polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o xefe da Área de Servizos Xerais coa conformidade da concelleira delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de Administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 05/05/2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 967.424,66 euros, sendo a conta correspondente ó IVE de 167.900,15 euros, que se desglosa nos seguintes importes das anualidades:

importe anualidade 2020: 39.004,50 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 6.769,38 €,

importe anualidade 2021: 317.532,13 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 55.108,88 €,

importe anualidade 2022: 323.138,35 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 56.081,86 €.

importe anualidade 2023: 287.749,68 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 49.940,03 €,

con cargo á aplicación orzamentaria: 1640.227.99.00 “Mantemento Xardíns Cemiterios” e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao prevenido na LCSP”.



Concello de Vigo

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de agosto de 2020, do licitador PÍNTEGA XARDÍNES, S.L por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255) na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS-NATURGALIA	80,70
2	SOGESL DESARROLLO Y GESTION, S.L	59,07

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS-NATURGALIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - NATURGALIA, S.L., o día 2 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 9 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - NATURGALIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - NATURGALIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 11 e 19 de agosto de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación, na sesión do 14 de agosto de 2020, do licitador PÍNTEGA XARDÍNES, S.L por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - NATURGALIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255) por un prezo total de 913.635,85 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 158.564,90 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(714).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E DINAMIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO CEMV. EXPTE. 24177/332.

Visto o informe de fiscalización do 15/09/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 14/09/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV (24.177-332)



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV (24.177-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do CEMV.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 24/03/2020 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 13/04/2020 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de de dinamización do funcionamento do CEMV.

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 33.880,00.-€ (6.160,00.-€ na anualidade de 2020, 16.940,00.-€ na anualidade de 2021 e 10.780,00.-€ na anualidade de 2022) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de de dinamización do funcionamento do CEMV. por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.10 “Estudos e traballos técnicos” e bolsa de vinculación.
O valor estimado do contrato estipúlase en 56.000,00.-€*

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto da “Xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV” (24.177-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	94 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 222 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., o día 4 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 8 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de datas 26 e 27 de agosto de 2020, e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao ser un único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto da “Xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV” (24.177-332) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 31.733,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.507,51 euros.*
- b) Comprométese á realización de estudos aos membros integrantes do CEMV de conformidade co sinalado no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(715).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAREFAS AUXILIARES DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENTA AMBULANTE NOS MERCADILLOS PERIÓDICOS, OCASIONAIS E EVENTOS PUNTUAIS QUE SE CELEBREN NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 7175/106.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación do 14/09/2020, que di o seguinte:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos (PROPOSTA DECLARACIÓN PROCEDEMENTO DESERTO)

b) Procedemento aberto para a prestación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos periódicos, ocasionais e eventos puntuais que se celebren no término municipal de Vigo (7.175-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a prestación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do

funcionamento da venta ambulante nos mercadillos periódicos, ocasionais e eventos puntuais que se celebren no término municipal de Vigo (7.175-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, da prestación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos periódicos, ocasionais e eventos puntuais que se celebren no término municipal de Vigo (7.175-106).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 28 de xullo de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 12 de agosto de 2020.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 19 de agosto de 2020, logo da apertura da documentación persoal dos licitadores presentados, acordou, por unanimidade:

a) *“Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:*

1. *PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L.: Deberá presentar o Anexo II “DECLARACIÓN RESPONSABLE” debidamente asinado de conformidade coa cláusula 14.2.a do PCAP.*
2. *INTEGRAL IKERLEC VIGO S.L.:*
 - *Deberán cumprimentarse as partes III “Motivos de exclusión” e IV “Criterios de selección” do DEUC. Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación da parte IV, indícase que poden declarar ambos requisitos respondendo afirmativamente na Parte IV “Criterios de selección”/a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección.*
 - *De conformidade coa cláusula 14.2.a do PCAP, deberá presentar o Anexo II “DECLARACIÓN RESPONSABLE”, o Anexo III “DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO” e o DEUC da empresa á que se recorra para acreditar a solvencia (toda vez que no DEUC declara que recorre a capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección). Todos os documentos debidamente asinados”.*

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 27 de agosto de 2020, acordou, por unanimidade:

- a) *“Admitir neste procedemento a PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.*
- b) *Non admitir neste procedemento INTEGRAL IKERLEC VIGO S.L polos seguintes motivos:*
 - *Por non ter emendado adecuadamente o DEUC; concretamente non emendou o punto A “Motivos referidos a condenas penales”, o punto B “ Motivos referidos al pago de impuestos o de cotizaciones a la seguridad social” e o punto C “ Motivos*



Concello de Vigo

referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional” da Parte III “Motivos de exclusión” do documento europeo único de contratación (DEUC), non respondendo a seguinte cuestión que se reproduce a continuación:

- “¿Ha sido el propio operador económico, o cualquier persona que sea miembro de su órgano de administración, de dirección o de supervisión o que tenga poderes de representación, decisión o control en él, objeto, por fraude, de una condena en sentencia firme que se haya dictado, como máximo, en los cinco años anteriores o en la que se haya establecido directamente un período de exclusión que siga siendo aplicable?”

E respondendo afirmativamente en lugar de negativamente as seguintes cuestións que se reproducen a continuación:

- ¿Ha incumplido el operador económico sus obligaciones relativas al pago de impuestos, en el país en el que está establecido o en el Estado miembro del poder adjudicador o la entidad adjudicadora, si no coincide con su país de establecimiento?
 - ¿Ha incumplido el operador económico sus obligaciones relativas a las cotizaciones a la seguridad social, tanto en el país en el que está establecido como en el Estado miembro del poder adjudicador o la entidad adjudicadora, si no coincide con su país de establecimiento?
 - ¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho medioambiental?
 - ¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho social?
 - ¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho laboral?
- Non se presenta nin o DEUC da empresa á que se recorre para acreditar a solvencia nin o Anexo III “declaración de posta a disposición de medios dun terceiro” asinado pola mesma, cando no novo DEUC presentado séguese indicando que o licitador se basa na capacidade doutas entidades para satisfacer os criterios de selección”.

Quinto.- Na sesión do 14 de setembro, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, aceptar o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio de data 4 de setembro de 2020 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” e excluír deste procedemento a PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L., polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”), e tendo en conta que existen terceiros interesados neste procedemento e que as circunstancias concorrentes neste expediente permiten sometelo a unha nova licitación sen causar danos aos servizos públicos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador admitido neste procedemento incorporou ao sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B das FEC, tal e como se indica no informe emitido polo xefe do Servizo de Comercio o 4 de setembro de 2020, procede excluílo do procedemento en cumprimento do previsto na cláusula 14.2b do PCAP.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a prestación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos periódicos, ocasionais e eventos puntuais que se celebren no término municipal de Vigo (7.175-106) dado que o único licitador admitido incorporou no sobre B documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2b do PCAP), e tendo en conta que existen terceiros interesados neste procedemento e que as circunstancias concorrentes neste expediente permiten sometelo a unha nova licitación sen causar danos aos servizos públicos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local Vaproba a proposta contida no precedente informe.

8(716).- BASES E A CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19830/333.

Visto o informe xurídico do 06/09/20 e o informe de fiscalización do 10/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 05/09/20, asinado polo xefe do servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 19830/333 sobre as Bases e a Convocatoria de axudas para deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, e tendo en conta o informe de fiscalización de data 05 de agosto de 2020, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo á observación detallada.

ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos



Concello de Vigo

que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de axudas responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e que propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.
- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2019 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite", un crédito por un importe total de 50.000,00€ (cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no apoio ós programas de adestramento e competición dos e das deportistas do máis alto nivel da cidade de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, que no ano en curso estean recoñecidos como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes. Concretamente o artigo 36 da Lei de Deportes de Galicia determina que o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel poderá comportar a posibilidade de acceder aos seguintes beneficios, axudas económicas y becas académicas, e entre outras concesión de axudas económicas.

Con carácter previo ao outorgamento das axudas deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das mesmas nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite", un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da

Concellería de Deportes, destina a colaborar na financiamento de proxectos de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo

SEGUNDO: Aprobación do texto da convocatoria para a concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo e do extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na *Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.*

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida orzamentaría 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite" do vixente orzamento.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas económicas dirixidas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, coa finalidade de axudar a sufragar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”. Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, e incompatibles coas axudas dinamizadas no programa de axudas da Fundación Vigo en deporte do ano 2020 para deportistas individuais.

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- Reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da axuda das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- Acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- En calquera dos casos, entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os

datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.

- Requisitos específicos:
 - Estar empadroadado na cidade de Vigo, con vixencia mínima dende 01/01/2019, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
 - Ter licencia federativa vinculada a unha entidade deportiva sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo, ou cunha licenza independente vixente ó longo do ano 2020, ou da tempada 2019/2020 (segundo a duración formal da tempada da modalidade da que se trate).
 - Ter competido participando de xeito individual, parella ou trío na competición a baremar.
 - Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 - Cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a no ano 2020 como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.
 - Ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade en calquera momento do ano 2020, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 50 deportistas.
 - No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación nacional da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso, enténdese outorgado o consentimento para que o órgano administrativo competente consulte de forma electrónica ou por outros medios, a esta Administración Pública, outras Administracións ou Entes, os datos persoais necesarios para a resolución deste expediente/solicitud, en especial, os que acrediten os requisitos de empadramento, atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda e co Concello de Vigo.

QUINTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Deixar constancia da financiamento municipal coa inclusión da imaxe institucional en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitud, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitud.



Concello de Vigo

- c) Someterse ás comprobacións que, de considerarse oportuno, puidera realizar a Concellería de deportes, así como calquera tipo de comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes.
- d) Comunicar á Concellería de deportes a obtención doutras axudas para o mesmo fin.
- e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.
- f) Participar nas actividades e eventos de difusión e promoción que o Concello de Vigo puidera programar durante o ano seguinte á notificación da resolución.
- g) Proceder ó reintegro da axuda así como dos xuros de demora correspondente no caso de:
 - Obter a axuda falseando datos.
 - Obstruír a comprobación e control financeiro.
 - Incumprir as obrigas establecidas nas bases da convocatoria.

SEXTA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- O número máximo de competicións que se valorarán por deportista será de 3.
- A puntuación mínima esixida para ser beneficiario/a das axudas é de 10 puntos.
- Consideracións específicas:
 - Os Campionatos de Europa e do Mundo, para ser tidos en consideración como tal, deberán ter a designación oficial, que deberá ser acreditado pola autoridade federativa.
 - Participación mínima por proba para que a competición sexa tida en consideración:
 - Campionatos de Europa, Campionatos do Mundo e Outras competicións internacionais: 25 participantes na proba e 8 países en categoría masculina, e 12 participantes e 6 países en categoría feminina.
 - Fase final de Campionatos de España: 12 participantes na proba en categoría masculina e 8 participantes na categoría feminina.
 - Non se esixirá participación mínima en competicións de deporte adaptado.
 - A categoría de "Outras competicións Internacionais" engloba Copas do Mundo, Copas de Europa e Circuitos incluídos no calendario internacional como probas de alto nivel europeo ou mundial.
 - No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, só valorarase o resultado que outorgue unha maior puntuación.
 - Datas de inicio das competicións: Serán tidas en conta as competicións con data de inicio comprendida entre o 1 de setembro de 2019 e o 30 de agosto de 2020.
- Puntuacións:

	Fase final Cto. España		Outras compet. Intnais		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	20 puntos	15 puntos	30 puntos	20 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	80 puntos
5º a 8º Posto	12 puntos	10 puntos	15 puntos	12 puntos	50 puntos	30 puntos	80 puntos	50 puntos
Participaci	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	15	10	25 puntos	15

ón					puntos	puntos		puntos
----	--	--	--	--	--------	--------	--	--------

SÉTIMA.- CONTÍA E LÍMITE INDIVIDUALIZADA DAS AXUDAS.

1.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto.

2.- A subvención para cada beneficiario/a calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso, cos límites establecidos por tipo de competición segundo os criterios establecidos na cláusula sexta, e que non poderán superar o límite individual.

3.- Límites máximos dos importes das axudas:

- Límite máximo por deportista: O importe total máximo destinado para cada un/unha dos/das deportistas beneficiarios/as de forma individual será de 2.500,00€. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuacións obtidas supere este importe máximo (2.500,00€), dita cantidade axustarase a este límite establecido.
- Límites máximos por puntuación: O importe total máximo destinado para cada un/unha dos/das deportistas beneficiarios/as en función das puntuacións obtidas serán os que se detallan a continuación. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuacións obtidas supere estes importes máximos, axustaranse a estes límites:
 - De 10 a 30 puntos: Importe máximo 600,00€
 - De 31 a 99 puntos: Importe máximo 1.000,00€
 - De 100 a 150 puntos: Importe máximo 1.500,00€
 - Máis de 150 puntos: Importe máximo 2.500€

OITAVA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento para a concesión destas axudas será en réxime de concorrencia competitiva a través da correspondente convocatoria. Para estes efectos, ten consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das axudas realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nas presentes Bases reguladoras, e adxudicar proporcionalmente, dentro do límite do crédito dispoñible fixado na convocatoria, en aplicación dos citados criterios.

Para a adxudicación, o órgano colexiado formulará, a través de órgano instrutor, proposta de concesión ao órgano concedente.

O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto.

A subvención para cada beneficiario/a calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso, atendendo ós límites máximos establecidos na cláusula 7ª.3 e tendo en conta os criterios establecidos na cláusula 6ª.

NOVENA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polos artigos 14.1 e 14.2.^{a)} e 14^{d)} da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese que



Concello de Vigo

as persoas físicas poderán elixir o uso de medios electrónicos ou non para a súa comunicación coa administración.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

As solicitudes de axudas achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electronicamente polo/a deportistas o polo seu representante legal en caso de menores, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Só admitirase unha solicitude por solicitante.

- Solicitude presencial: Unha vez cuberto o Formulario de solicitude aloxado na Web do Concello de Vigo <https://hoxe.vigo.org>, o/a solicitante ou o/a representante legal no caso de menores de idade deberá obrigatoriamente imprimir e asinar o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Solicitude telemática: Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na web <https://hoxe.vigo.org>, terá que entrar no rexistro electrónico na sede electrónica do Concello de Vigo, onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude) anexando a documentación requirida. Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

DÉCIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante ou polo/a representante legal en caso de menores de idade, e presentarase no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

As solicitudes e documentación adxunta poderán presentarse no rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos q os que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nas oficinas de Correos na forma que regulamentariamente se estableza, nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, nas oficinas de asistencia en materia de rexistros e en calquera outro que establezan as disposicións vixentes, de conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.- Os/As solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

- Anexo I.2. Certificado das competicións asinado pola Federación Correspondente.
- Anexo I.3. Declaración responsable.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/a seu/súa representante legal.
- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou do pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea) ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades).
- No caso dos menores de idade, ademais da fotocopia do seu DNI ou outro documento previsto no apartado anterior ou a autorización da súa consulta á Administración Pública, achegarse o do pai ou o da nai ou o do titor.
- Copia da licenza Federativa.
- Documentación que acredite o cumprimento dun dos requisitos específicos establecidos na base 4ª:
 - Recoñecemento como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo CSD do ano 2020.
 - Certificado da Federación de ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade en calquera momento do ano 2020, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 50 deportistas.
 - No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación nacional da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.

Os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento esixívese no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

DECIMO PRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde ou na citada normativa, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarias das subvencións deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” en



Concello de Vigo

calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.

DECIMO TERCEIRA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ás persoas xurídicas solicitantes e polos medios previstos no art. 14 da LPAC ás persoas físicas no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- O prazo máximo para a resolución da convocatoria será de seis meses a contar dende ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de

Pontevedra. Cumprido o prazo de resolución sen que se haxa e notificado a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de concesión da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO QUINTA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

DECIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

DÉCIMO SÉTIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES.

1. Perda do dereito ao cobro:

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da axuda o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da mesma de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da axuda; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da axuda; a variación da finalidade da actuación; calquera incumprimento en materia de loita anti-dopaxe e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancions:

a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

b) Canto ás infraccións e sancions en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos dos/das solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das



Concello de Vigo

presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 3/2018, de 13 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

O/A beneficiario/a poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

En todo o que non estea previsto na presente bases será de aplicación a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN INDIVIDUAL ALTO NIVEL TEMPADA 2018/2019			
D/Dna		DNI:	
Enderezo		Localidade :	CP:
Tlf. 1		Tlf.2	Fax:
E-Mail a efectos de notificación			
Entidade deportiva vinculada		CIF	
Modalidade:			

E, NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:		Nome:	DNI:
Enderezo:		Localidade :	CP:
Tlf 1:		Tlf 2:	E-mail:

SOLICITA,

unha axuda vinculada coa convocatoria de axudas para potenciar programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.

2. Anexo I.2: Certificado federativo individual de competicións.

3. Anexo I.3: Declaración responsable.

4. Copia do DNI do/da solicitante (e o representante legal no caso de menores de idade) e da licencia

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.
deportiva.
5. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou o/a representante legal no caso de menores.
6. Acreditación do cumprimento dun dos requisitos establecidos na base 4ª.

***Campo obrigatorio**

O/A que abaixo asina declara que reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

A completar pola Administración	
Data de entrada	
Nº expediente	

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores

Vigo , de de 2019

Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓN DE ALTO NIVEL

A CUMPRIMENTAR POLA FEDERACIÓN (folia 1 de 2)

D/Dna		DNI	
Secretario/a da Federación			
CERTIFICA QUE son certos os datos que a continuación se detallan:			

D/Dna.		DNI	
Nº Lic		Categoría	
Club		CIF	
Sede Social Club co que compite (Cidade)			



Concello de Vigo

Participou, entre o 01/09/2019 e o 30/08/2020, nas competicións que a continuación se detallan segundo os datos que se especifican:

1. Posto Ranking Nacional (De existir):

Mellor posto no Ranking nacional ou internacional no ano 2020	
Nº deportistas que integran o Ranking no 2020	

2. Datos competicións: **Obrigatorio cumprimentar todos os apartados.**

Nome oficial da competición 1:		
Nivel da competición	Fase final Campionato do Mundo	
	Fase final Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto acadado		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	
Nº participantes na proba		
Nº Países participantes na proba		

Vigo a de de 2020

Sinatura do/a secretario/a da Federación	Conforme do/da presidente/a da Federación	Selo da Federación
--	---	--------------------

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓN DE ALTO NIVEL (CONTINUACIÓN)

Nome oficial da competición 2:	
---------------------------------------	--

Nivel da competición	Fase final Campionato do Mundo	
	Fase final Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto acadado		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	
Nº participantes na proba		
Nº Países participantes na proba		

Nome oficial da competición 3:		
Nivel da competición	Fase final Campionato do Mundo	
	Fase final Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto acadado		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	
Nº participantes na proba		
Nº Países participantes na proba		

Vigo a de de 2020

Sinatura do/a secretario/a da Federación	Conforme do/da presidente/a da Federación	Selo da Federación
--	---	--------------------



Concello de Vigo

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna.	DNI.
---------	------

NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,

Apelidos:	Nome:	DNI:
Enderezo:	Localidade :	CP:
Tlf 1:	Tlf 2:	
E-mail:		

Declara,

Ter solicitadas e/ou ten concedidas as seguintes axudas para o desenvolvemento do programa obxecto da solicitude de subvención:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a axuda	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.

Estar informado/a e autorizar a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas e administracións competentes, incluídos os datos fiscais

Atoparme ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituindo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Consellería de Deportes a facer as verificacións posteriores que considere necesarias.

Vigo, de de 2020

Sinatura do/da solicitante ou do/a representante legal no caso de menores.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2018/2019.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dgd.vigo@vigo.org.

ANEXO

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ADESTRAMENTO E PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL.

O obxecto destas bases ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”. Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDemento DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto



Concello de Vigo

da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

1.- A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

NOVENA.- PAGO.

O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

ANEXO

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA (COMPLETAR UNHA VEZ APROBADO) DE 2020, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ADESTRAMENTO E PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓN OFICIAIS DE ALTO NIVEL.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

9(717).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB MARÍTIMO DE VIGO POLO DESENVOLVEMENTO DO “TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO E VELA 2020”. EXPTE. 19883/333.

Visto o informe xurídico do 06/09/20 e o informe de fiscalización do 07/09/2020, dáse conta do informe-porposta de data 2/09/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención a favor do Club Marítimo de Vigo por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.01 polo desenvolvemento de eventos deportivos.

O “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020” desenvólvese ó longo do mes de setembro de 2020.

O evento, organizado polo Club Marítimo de Vigo, entidade que ostenta os dereitos da competición, conta cunha previsión moi importante de afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

A entidade organizadora do evento deportivo, acreditou que ostenta os dereitos de organización do devandito evento na cidade de Vigo tal como acredita na documentación que presenta.



Concello de Vigo

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020”, segundo o orzamento presentado pola entidade Club Marítimo de Vigo, ascenden a un total de 16.500,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O réxime xurídico de aplicación do presente informe proposta atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 3410.489.00.22 dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 10.000,00 (Dez mil euros), para o “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020”; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade deportiva organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento, pois é a única que ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación que presenta a entidade.

Enténdese que o desenvolvemento e “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020” xera un impacto económico destacado no ámbito deportivo da cidade, coa realización de actividades deportivas do máis alto nivel deportivo, cun gran impacto global na cidade dada a súa repercusión.

A celebración do Trofeo Concello de Vigo de piragüismo e vela, converte a cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención da Vela no ámbito nacional, cunha enorme repercusión, dada a participación de 160 barcos e 1250 deportistas, e asistencia de un importante volume de público, tendo en conta ademais que a vela constitúe unha modalidade cun gran arraigo na cidade de Vigo, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade, facendo de Vigo, durante a súa celebración, o epicentro do piragüismo e a vela.

Por todo o referido, a celebración deste evento reforza á cidade de Vigo como referencia no deporte da vela e do piragüismo e punto de confluencia de numerosos regatistas e piragüistas. Asemade, a afluencia de visitantes supón unha oportunidade para a promoción da cidade de Vigo.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte da vela. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade, permitindo coñecer ó público as posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión

mediática nos medios de comunicación, visualizacións en streaming, enlaces webs, redes sociais, e visibilizando así o a capacidade da cidade de Vigo como destino deportivo.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

Pola súa banda, a entidade encárgase da organización xeral do evento e asume todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 17.500,00 euros, supoñendo polo tanto que a subvención proposta supón un porcentaxe do 57,14 % do total do gasto previsto.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara ós valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a tramitación dunha proposta de subvención a favor do Club Marítimo de Vigo para a realización do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020”.

A lexislación aplicable, para este informe proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club Marítimo de Vigo é a entidade que posúe os dereitos da competición, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

A Vixencia desta proposta de subvención é polo evento deportivo do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo ata o 15 de novembro de 2020.

Primeiro.-

I.-O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar no desenvolvemento do evento deportivo do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020” organizada polo Club Marítimo de Vigo, que ostenta os dereitos de organización en exclusiva do Evento deportivo, que converte á cidade de Vigo no centro de atención nacional da modalidade de vela e do piragüismo durante a súa celebración.

Na subvención concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude.

II.-O Club Marítimo de Vigo organiza ó longo do mes de setembro de 2020, o Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela, cun valor moi importante para a promoción deportiva e turística tanto na propia cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional, e que confire

un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O desenvolvemento deste Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela xera un impacto económico destacado no ámbito deportivo da cidade, coa realización de actividades deportivas do máis alto nivel deportivo, cun gran impacto en Vigo.

A celebración do Trofeo Concello de Vigo de piragüismo e vela, converte a cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención da Vela no ámbito nacional, cunha enorme repercusión, dada a participación de 160 barcos e 1250 deportistas, e asistencia de un importante volume de público, tendo en conta ademais que a vela constitúe unha modalidade cun gran arraigo na cidade de Vigo, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade, facendo de Vigo, durante a súa celebración, o epicentro do piragüismo e a vela.

A organización deste evento permite reforzar o compomiso coa sociedade e dar a coñecer o público as posibilidades de organización destes eventos deportivos, tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, ca repercusión mediática, visualizacións en streaming, enlaces webs, redes sociais, e visibilizando así o excelente traballo, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico.

III.-No exercicio das súas atribucións en materia deportiva, atribuídos a administración no artigo 25.2.I da lei LBRL, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza un amplo abanico de eventos deportivos de gran nivel internacional e nacional.
- h) Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos de gran nivel internacional no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento de grandes eventos deportivos na cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.01, dispón do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 (Dez mil euros), para o “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020”

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, e ca base 38º das vixentes Bases de Execución do Concello de Vigo, onde se establece que un dos procedementos para a súa concesión son as “subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública coa tramitación dun convenio ou sen convenio”.

VI.- Que o Club Marítimo de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este



Concello de Vigo

Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 19883/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Marítimo de Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base ás seguintes consideracións:

Primeiro.- O Concello de Vigo, comprométese a:

1º.- Conceder directamente Club Marítimo de Vigo unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co evento deportivo do “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

Segundo.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Terceiro.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Cuarto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Quinto.- A beneficiaria acreditará haber dado a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sexto.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, antes do 15 de novembro, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste .

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

Sétimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Oitavo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como



Concello de Vigo

mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Noveno.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo primeiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo terceiro.- A vixencia do presente abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente de subvención pola Xunta de Goberno Local e ata o 15 de novembro de 2020, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo cuarto.- Infórmase a beneficiaria de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Décimo quinto- A concesión da subvención obxecto do presente informe proposta rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste ; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sexto- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor do Club Marítimo de Vigo pola organización do Evento deportivo “Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo e vela 2020” que se celebra ó longo do mes de setembro de 2020, de acordo coas condicións e compromisos que se establecen no presente informe-proposta segundo o disposto nos artigos 28,1 da lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da lei 9/2007 de 13 de Xuño de subvencións de Galicia.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € a favor do Club Marítimo de Vigo co CIF nº G-27780535 e enderezo social en Portocultura 17-Dársena Pesquera II do porto de Vigo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta da documentación do expediente núm. 19883/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 “subvencións a eventos deportivos” do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

10(718).- PAGO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERIODO XANEIRO Á 2ª QUINCENA DE XULLO DE 2020. EXPTE. 24483/332.

Visto o informe de fiscalización do 02/09/20, dáse conta do informe-proposta do 01/08/20, asinado polo técnico medio de actividades culturais, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2020, aprobose entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2020 (Expte 24087/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o **7 de xaneiro ate a 2ª quincena de xullo dos correntes**, elévanse á cantidade de **121 consellos escolares**.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2020, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **4.623,66.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2020, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ****4805, GRUPO A2 (14/01/2020 - 30/06/2020)	24 X 39,78.-€	954,72.-€
Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: ****0259, GRUPO A1 (8/01/2020 - 28/01/2020)	3 X 39,78.-€	119,34.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: ****9300, GRUPO C1 (23/01/2020 – 30/01/2020)	2 X 36,72.-€	73,44.-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: ****6809, GRUPO A1 (14/01/2020 - 29/06/2020)	10 X 39,78.-€	397,8.-€
Zona 5.- PILAR CARNEIRO MINIÑO, NIF: ****6963, GRUPO A1 (13/01/2020 - 30/06/2020)	8 X 39,78.-€	318,24.-€
Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ****8643, GRUPO C1 (25/06/2020 - 30/06/2020)	4 X 36,72.-€	146,88.-€
Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ****1654 GRUPO C1 (7/01/2020 - 8/07/2020)	13 X 36,72.-€	477,36.-€



Concello de Vigo

Zona 8.- MARÍA JOSÉ FARALDO RIVAS, NIF: ****6377, GRUPO C2 (19/05/2020 – 30/07/2020)	5 X 36,72.-€	183,6.-€
Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: ****8668, GRUPO A2 (13/01/2020 - 30/06/2020)	9 X 39,78.-€	358,02.-€
Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ****7074, GRUPO C1 (9/01/2020 - 30/06/2020)	17 X 36,72.-€	624,24.-€
Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ****7554, GRUPO A2 (30/01/2020 - 30/06/2020)	5 X 39,78.-€	198,9.-€
Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: ****5364, GRUPO C1 (21/01/2020 - 9/07/2020)	6 X 36,72.-€	220,32.-€
Zona 14.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ****2591, GRUPO C2 (21/01/2020 - 1/07/2020)	8 X 36,72.-€	293,76.-€
Zona 15.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ****7780, GRUPO C2 (28/01/2020 - 1/07/2020)	7 X 36,72.-€	257,04.-€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(719).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/2020. EXPTE. 16940/77.

Visto o informe xurídico do 25/08/20 e o informe de fiscalización do 31/08/20, dáse conta do informe-proposta do 18/08/20, asinado pola técnica de xestión (instrución do concelleiro-delegado da Área do 7/08/2020) ,o concelleiro-delegado da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 29 de novembro de 2019, o Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar o expediente de contratación DO SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola técnica de administración xeral e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en data 27/11/2019, modificado o 25/06/2020.
- b) Orde de inicio de 29 de novembro de 2019 do Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- c) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica xestión data 01/04/2020.
- d) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 2 de abril de 2020, asinado pola técnica de xestión.
- e) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 6 de abril de 2020, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- f) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, de data 02/07/2020.
- g) Documento contable de retención de crédito de 3/07/2020 (RC núm. operación: 202000042822)
- h) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica xestión data 07/07/2020.
- i) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 7 de xullo de 2020, asinado pola técnica de xestión.
- j) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 7 de xullo de 2020, asinada pola técnica de xestión, en ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- k) Informe de necesidade de modificación da memoria económica do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 7/08/2020
- l) Memoria económica asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 7/08/2020
- m) Documento contable de retención de crédito de 11/08/2020 (RC núm. operación: 202000050759)
- n) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 12/08/2020, asinado pola técnica de xestión.



Concello de Vigo

- o) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 12 de agosto de 2020, asinada pola técnica de xestión, en ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- p) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 17/08/2020, asinado pola técnica de xestión.
- q) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 17 de agosto de 2020, asinada pola técnica de xestión, en ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- r) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de data 18/08/2020 .
- s) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 18 de agosto de 2020, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, nos concelleiros de Área. O Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en resolución de 29 de novembro de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (77) por procedemento aberto simplificado do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 17 de agosto de 2020, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 18 de agosto de 2020, que rexerán a contratación do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 .

3º.- Aprobar o gasto de 21.300,00 € para a contratación do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 , con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279918 “FORMACIÓN PIE CONCELLO 19/20”, do vixente orzamento do concello de vigo do ano 2020.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(720).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA E-638-C-8 DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 10306/224.

Dáse conta do informe-proposta do 08/09/20, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asexora xurídica do servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 7 de setembro de 2020 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE: ****2463*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada do seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE: ****2463* e o seu fillo, a ocupen por un



Concello de Vigo

período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda da rede municipal de pisos de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10306/224 por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(721).- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS (CARPAS) OUTORGADA Á ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO. EXPTE. 9400/320.

Visto o informe de fiscalización do 14/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/06/20, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidada (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “*Outorgamento de Subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019*” (expediente número 8921-320) outorgar á Asociación Veciñal de Cultura Casco Vello (CIF: 36645885) unha subvención para “**Montaxe de carpa e escenario na Festa de Convivencia no domingo de Entroido**”, por importe de **1.210,00 €**:

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	Total Puntos	Orzamento Proxecto	Solicitude Máxima	Proposta Subvención
-----	----------	----------	--------------	--------------------	-------------------	---------------------

G-36645885	A.V Casco Vello	Montaxe de carpa e escenario na Festa de Convivencia no domingo de Entroido	25	1.210,00 €	1.210,00 €	1.210,00 €
------------	-----------------	---	----	------------	------------	-------------------

Conforme á **base segunda da convocatoria “Requisitos dos solicitantes”** *podarán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5 Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:*

(...)

9. *As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:*

a) *Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.*

b) *Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco*

Conforme a **base sétima da convocatoria “Obrigas que asumen as entidades subvencionadas”** *os beneficiarios das subvencións están obrigados a:*

“Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso”.

Conforme a **base décimo terceira “Prazo e forma de xustificación da subvención outorgada”**, *as entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos.*

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no Anexo VIII, no que se inclúen os seguintes datos:

[...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.” [...]

Coa finalidade de verificar o cumprimento do establecido nestas bases, o servizo de Participación Cidadá solicitou de oficio (doc: 190204199) un informe ao departamento de Seguridade respecto do cumprimento do establecido na Lei 10/2017 na tramitación de eventos e festas populares, as cales, terán que axustarse, con carácter xeral, ao establecido nesta Lei, sen prexuízo do exame particularizado que requira cada evento en función do



Concello de Vigo

lugar de emprazamento proposto, das datas de celebración e das propias circunstancias que concorran en cada caso.

Con data 27/12/2019, o Departamento de Seguridade, emite o correspondente informe respecto do cumprimento da Lei 10/2017 por parte das entidades beneficiarias, no que se fai constar que respecto da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello **“non consta autorización...”** para o evento subvencionado:

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	EXP. AUTORIZACIÓN SEGURIDADE
G-36645885	A.V Casco Vello	Montaxe de carpa e escenario na Festa de Convivencia no domingo de Entroido	Non consta nada autorizado por este departamento ,agás erro ou consulta das bases de datos

A entidade beneficiaria presentou con data 30/12/2019 (documento núm. 190206511 Expediente 9401-320), e conforme a Base 13ª da convocatoria, **a xustificación documental da subvención** outorgada e aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Na revisión da conta xustificativa achegada pola entidade interesada, apreciase que no Anexo VIII “Solicitud de aboamento” **consta o numero de documento da solicitude de autorización de ocupación de espazo público** presentada no rexistro xeral con data 6/02/2019 (doc. 1900018747).

En base a esta documentación presentada pola entidade, con data 9/01/2020 (doc. 190204199) **solicítase a emisión dun novo informe do servizo de Seguridade e Mobilidade**, no cal se ratifica que, efectivamente, consta a solicitude presentada pola Asociación Cultural e Veciñal Casco Vello, pero así mesmo, **faise mención a que por causas alleas á entidade solicitante dita autorización non foi tramitada polo que se conclúe que a entidade beneficiaria non conta coa pertinente autorización para a montaxe de carpa.**

Conforme a Base 17ª. a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa **revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, en particular de :**

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta a termos da base décimo terceira
- **As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións**
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS

- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación da subvención, adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

INFORMO

De conformidade co anteriormente exposto resulta procedente **iniciar un expediente de revogación da subvención outorgada** para a organización de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá (carpas) **a prol da Asociación Cultural e Veciñal Casco Vello (CIF: G36645885)**, xa que, salvo proba en contrario, apréciase a concorrencia de determinadas circunstancias establecidas na Base 17ª da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención, como é o incumprimento pola beneficiaria das seguintes obrigas:

1. Contar, cando menos, con:

a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.[...]

2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso

3. [...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia" [...]

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Perda do dereito ao cobro:

De acordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: *o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o*



Concello de Vigo

comportamento que fundamenta a concesión da subvención; e a letra i) engade: nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

Xa que logo e, en consonancia co exposto no informe anteriormente transcrito, procedeuse mediante orde de inicio de expediente asinada polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de data **12/02/2020**, ao inicio do procedemento de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a prol da entidade **Asociación Veciñal de Cultura Casco Vello** (CIF: 36645885) unha subvención para "**Montaxe de carpa e escenario na Festa de Convivencia no domingo de Entroido**", por importe de **1.210,00 €**:

Mediante notificación asinada polo xefa de servizo en data **12/02/2020**, co conforme do concelleiro delegado de de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de 10 días a asociación puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Dende a recepción da devandita notificación (segundo o acuse de recibo electrónico de data 14.02.2020) **non consta que se teña achegado ningunha documentación ata a data por parte da entidade interesada unha vez transcorrido amplamente o prazo outorgado.**

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do **informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita**; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de de Cultura, Emprego e Participación Cidadá,

nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Declarar a perda total do dereito ao cobro da subvención outorgada á Asociación Veciñal de Cultura Casco Vello (CIF: 36645885) para “Montaxe de carpa e escenario na Festa de Convivencia no domingo de Entroido”, por importe de 1.210,00 €, por incumprimento da Base 2ª.9.a), Base 7ª,e Base 13ª das bases reguladoras e convocatoria das subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019” (expediente número 8921-320).

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

2º.- Notificar o presente acordo á interesada no expediente, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(722).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/09/2020, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.



Concello de Vigo

Dito marco normativo distingue unha especial estrutura de goberno para este tipo de Concellos, atribuíndo á Xunta de Goberno Local, fronte aos de réxime común, a natureza de órgano colexiado executivo que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas. A dita atribución normativa deriva na asignación dun relevante núcleo de competencias propias recollido no artigo 127 LRBRL, cun claro impacto na xestión diaria dos asuntos de interese municipal.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019, 5.09.2019 e 18.08.2020 adoptou acordo de delegación de determinadas atribucións nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 co fin de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos.

A vistas das resolucións ditadas considérase convinte acometer unha tarefa de simplificación e normalización de ambos acordos que inciden no ámbito organizativo e competencial das Áreas, co obxecto de mellorar a súa comprensión e aplicación tanto polos servizos municipais como polos destinatarios dos mesmos.

E por isto polo que propónse a Xunta de Goberno Local como órgano competente segundo o artigo 127 da LRBRL a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o TEXTO CONSOLIDADO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS

Primeiro.- Delegar nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada por Resolución de data 17.08.2020 as atribucións nas condicións particulares que se detallan de seguido:

I.- NA CONCELEIRÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

1. Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína, ordes de execución e títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías Delegadas en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen unha ocupación do dominio público.¹
2. As contratacións con cargo ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de contratos menores, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.
3. O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:

¹ Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xullo de 2019

- a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.
 - b) Aprobar as transferencias de crédito, agás as que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real decreto 500/90 do 20 de abril.
 - c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.
 - d) Aprobación da achega de remanentes de créditos.
 - e) Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ao complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estivesen comprendidos globalmente no orzamento.
 - f) Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.
 - g) Aprobar a devolución de ingresos indebidos.
 - h) Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
 - i) Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.
 - j) Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.
 - k) Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.
4. En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:
- a) Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles polo importe fixado nas bases de execución orzamentarias do Organismo Autónomo cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.
 - b) Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.
 - c) A ordenación de pagos.
4. A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ao Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases do Réxime Local.
5. Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.



Concello de Vigo

II.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE ORZAMENTOS E FACENDA.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS.

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras
4. Aprobar a prórroga do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación do proxecto de obras no caso de contratos que se adxudiquen a través de contrato menor ou polo procedemento simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP.

En materia de Transportes¹

1. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.

¹ Subapartado III modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2019

2. Adoptar os acordos relativos ás autorizacións en materia de transporte escolar, taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

IV.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE EMPRESA, ECONOMÍA, SEGURIDADE E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Autorizar calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario público municipal, sempre e cando a ocupación non comporte a necesidade de establecer un réxime concesional sobre o dominio público ocupado, correspondendo no seu caso a elaboración dos informes que resulten legalmente pertinentes e, en xeral, calquera aproveitamento especial que se pretenda facer das vías públicas.
3. Autorizar as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vaos), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos hacia os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:¹
 - a. Reserva de estacionamento e paradas
 - b. Reservas especiais para persoas con discapacidade
5. Autorizar as cacharelas de San Xoán e a queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.

En materia de Recursos Humanos

1. Conceder os permisos e licenzas de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último suposto á Xunta de Goberno Local.
2. Recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos

¹ Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2019



Concello de Vigo

conceptos.

4. Determinación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. Autorización das atribucións provisionais de funcións, dando conta ao órgano delegante.
6. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
7. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
8. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.¹
9. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Execución dos requerimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
11. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
12. Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.²

En materia de SPPRL:

1. Garantir un sistema eficaz de xestión de seguridade e saúde laboral, buscando a súa mellora continua.

¹ Paragrafo modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

² Paragrafo engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

2. Determinar os mecanismos que permitan cumprir as obrigas en materia de seguridade e saúde laboral - formación, información, vixilancia da saúde, etc...- esixidas pola normativa vixente.
3. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
4. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, etc...- propostos por cada concellería delegada.
- 5.A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
- 4.A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación¹

En materia de Patrimonio

1 Número 7 engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019



Concello de Vigo

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á XMU.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.¹

En materia de Xestión Municipal

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

VI.- NA CONCELLERÍA DELEGADA. DA ÁREA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

En materia de Emprego

A contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

VII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE.

En materia de Medio Ambiente

Outorgamento das preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

En materia do Zoolóxico municipal

Altas, baixas, cesións e aceptacións gratuítas de animais –sen valor económico-.

En materia de Cemiterios

1. Outorgamento de autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).

¹ Paragrafo engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019

2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.
3. Ditar ordes de execución a titulares de dereitos privativos de enterramento nos cemiterios municipais en nichos, panteóns, sepulturas en réxime de concesión ou semellante, para que realicen traballos de conservación.

VIII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E FESTAS ESPECIAIS.

En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.

En materia de parques e xardíns¹

1. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
2. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas

IX.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA²

En materia de Igualdade

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

X.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL E CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE³

1 Subapartado engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2020

2 Apartado IX engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2020

3 Apartado X engadido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xullo de 2019



Concello de Vigo

En materia de Política de Benestar social

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliar municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

Segundo.-Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na Resolución da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e posterior de data 17 de agosto de 2020 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. Cando fose atribuída por lei á Xunta de Goberno Local, o exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.
2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencias técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites do artigo 134.3.c do TRLC.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da LCSP, así como a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos. ¹
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local²

1 Letra 5 modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2020

2 Letra 6 modificada por acordó da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2020

7. A tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas, nos termos establecidos polas Bases de Execución dos Orzamentos.
8. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia, sen prexuízo de dar cumprimento ás esixencias previas en canto á motivación da súa necesidade e cantos requisitos se establezan na normativa de aplicación.
9. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
10. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de Organización Municipal .
11. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de Organización Municipal, través da Área de Recursos Humanos e Formación.
12. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
13. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, recabando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
14. Delegar nos/nas Concelleiros/as-Delegados/as de Área, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno:
15. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal



Concello de Vigo

16. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.

17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

Terceiro.- As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Cuarto.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

Quinto.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

Sexto.- Así mesmo, deléganse nos señores/as Concelleiros/as as facultades de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

Oitavo.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

Noveno.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Décimo.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Décimo.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

Segundo: Dar publicidade ao presente acordo mediante a súa inserción na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(723).- FIXACIÓN DOS PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE OUTUBRO E DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 3465/330.

Visto o informe xurídico do 06/09/2020 e o informe de fiscalización do 7/09/2020, dáse conta do informe-proposta de data 2/09/2020, asinado pola técnica media de actividades culturais e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 1 de setembro de 2020 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE OUTUBRO E DECEMBRO DE 2020, dacordo co artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

No informe económico xustificativo de data 2 de setembro de 2020, a técnica de actividades culturais e educativas do servizo de Cultura, realiza a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na citada ordenanza municipal e que figura no expediente.

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de incuestionable interese cultural ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación. Por outro lado, o momento excepcional provocado polas medidas sanitarias derivadas da pandemia COVID 19, con gran limitación de aforos, farían imposible propoñer prezos que cubrisen o custe dos espectáculos, e privaría ao público e á cidadanía de poder acceder á cultura.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto de 8 €, excepto para o espectáculos de Yllana que terá un prezo de 10 € polo seu custe extraordinario; e un prezo para os espectáculos dirixidos a público familiar, de 5 €.

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao custe total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora



Concello de Vigo

dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos do seguinte xeito:

A) ABONO ANTICIPADO (so online):

- Abono 5 teatro adulto: 36 € en lugar de 40 € (10% de desconto).
- Abono 5 teatro familiar: 22,50 € en lugar de 25 € (10% de desconto).
- Abono 10 teatro adulto: 64 € en lugar de 80 € (20% de desconto).
- Abono 10 teatro familiar: 40 € en lugar de 50 € (25% de desconto).

B) ABONO Á CARTA (so na billeteira):

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Existen descontos especiais puntuais do 50% en virtude de convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual, así como a mocidade con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro nesta franxa de idade que é a que menos asiste segundo os datos de asistencia observados.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de Evenbrite, na billeteira do propio Auditorio e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Fixar os prezos de venda de entradas da DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE OUTUBRO E DECEMBRO DE 2020, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
02/10	A Quinta do Cuadrante	O empapelado amarelo	8 €

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
03/10	Cinema Sticado	Pyka	8 €
04/10	We Tum Tum (3 funcións)	Crassh Babies 2.0	5 €
09/10	Jean Philippe Kikolas	Calor	8 €
10/10	Colectivo Verticalia	Alma (non é hippie)	8 €
11/10	Vol'e Temps	Distans	5 €
16/10	Elefante Elegante	Dreaming Juliet	8 €
18/10	La Machina Teatro	Olivia y las plumas	5 €
23/10	El Pavón Teatro Kamikaze	Jauría	8 €
24/10	Companhia do Chapi-tô	Hamlet	8 €
25/10	Talía Teatro	Lambetadas	5 €
30/10 31/10	Teatro do Atlántico (2 funcións)	A Conquista da Escola de Madhubai	8 €
01/11	Spasmo Teatro	Viaje al centro del cuerpo humano	5 €
06/11	La Quintana Teatro	O Premio	8 €
07/11	Teatro Art'Imagem	Armazenados	8 €
08/11	Rolabola	Rock Cirk	5 €
13/11	De Ste Xeito Producións	Feminissimas	8 €
14/11	Ibuprofeno Teatro	O mel non caduca	8 €
15/11	Cía.Puntocero	Y ahora qué?	5 €
20/11	Iron Skulls Co	No sin mis huesos	8 €
21/11	Olivas Negras	Doce uvas, dúas mulleres e unha oliva	8 €
22/11	Luna Teatro Danza	Blancanieves	5 €
27/11 28/11	Yllana (2 funcións)	The Ópera Locos	10 €
29/11	Anita Maravillas	Jon Braun	5 €
04/12	Exire	Médula	8 €
06/12	Caramuxo Teatro (2 funcións)	Catro	5 €
11/12	Producións Teatrais Excéntricas	Medida x Medida de Shakespeare	8 €



Concello de Vigo

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
13/12	Teatro Aforo	O Fiandón	5 €

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán dous tipos de abonos:

A) ABONO ANTICIPADO (so online):

- Abono 5 teatro adulto: 36 € en lugar de 40 € (10% de desconto).
- Abono 5 teatro familiar: 22,50 € en lugar de 25 € (10% de desconto).
- Abono 10 teatro adulto: 64 € en lugar de 80 € (20% de desconto).
- Abono 10 teatro familiar: 40 € en lugar de 50 € (25% de desconto).

B) ABONO Á CARTA (so na billeteira):

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

A concellería da Área de Cultura ten asinado un protocolo de colaboración co IES Audiovisual de Vigo e a Escola Superior de Arte Dramática polo que se establece un desconto dun 50 % no prezo da entrada para o alumnado e profesorado do centro que presente o carné da escola na billeteira e entrada do recinto. Por outro lado, e co gallo de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade por terse detectado que é o público máis difícil de enganchar, tamén se establecerá un desconto dun 50% no prezo da entrada a través de internet para aquelas persoas entre 12 e 18 anos que introduzcan o código de desconto "OTEATROMOLA" (deberán acreditar a idade no control de accesos).

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de Evenbrite, na billeteira do propio Auditorio e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Modificación do contrato de mantemento de ascensores de colexios públicos escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo. Expte. 6443/241.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(724).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DE COLEXIOS PÚBLICOS ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6443/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 16/09/2020, dáse conta do informe-proposta de data 15/09/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do concello de vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento procedemento aberto simplificado do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do concello de vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 6 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do mantemento preventivo, correctivo e regulamentario dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e outros edificios dependentes do servizo de educación do concello de Vigo

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 19 de setembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) por un prezo total de 33.105,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.745,60 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Dito contrato formalízase en data en data 27 de setembro de 2019 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, sendo o prezo do contrato 33.105,60 € (IVE incluído), e cunha duración de dous anos. A data de inicio da prestación é o 1 de outubro de 2019.

Terceiro.- En data 17 de xullo de 2020, a xefa do Servizo de Educación conforme ao previsto na cláusula 15 das FEC, informan da necesidade modificar o contrato ao obxecto de incluír, na relación de ascensores a manter, o ascensor do CEIP Carballal-Cabral e, solicitan ao servizo de contratación que inicie procedemento para a modificación do contrato.

Cuarto.- Con data do 31 de agosto de 2020 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de de mantemento de ascensores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do concello de vigo (expediente 22985-332), nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 996,19 euros, (IVE

incluído) (un 3,01% do prezo do contrato), con cargo á aplicación orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Dar audiencia a SCHINDLER, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan."

Quinto.- Dentro do prazo de trámite de audiencia conferido para o efecto, en data 09/09/2020 (doc nº 200162668) Schindler S.A. declara que non presenta alegacións á modificación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).



Concello de Vigo

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato para “o incremento ou diminución do número de ascensores a manter” (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar o incremento ou diminución das labores de mantemento establecéndose como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola necesidade de incluír, na relación de ascensores a manter, o ascensor do CEIP Carballal-Cabral.

Reprodúcese a continuación o informe do servizo xestor xustificando a concorrencia destas circunstancias que permiten a modificación:

“ MODIFICACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DE COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO

A Xunta de Goberno Local en sesión de 19 de setembro de 2019 acordou adxudicar a SCHINDLER, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332).

O contrato foi formalizado en data 27 de setembro de 2019 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, sendo o prezo do contrato 33.105,60 € (IVE incluído), e cunha duración de dous anos. A data de inicio da prestación é o 1 de outubro de 2019.

As instalacións que son obxecto do referido mantemento relacionanse no Anexo 1 do PPT. Nas Follas de Características do Contrato (FEC) Anexo I do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares prevese a modificación do contrato, apartado 15:

“MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) *ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*
- B) *ASPECTOS A MODIFICAR: o incremento ou diminución das labores mantemento*
- C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: o incremento ou diminución do número ascensores a manter*
- D) *LIMITES DA MODIFICACIÓN: 10% do prezo do contrato*
- E) *ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN: non se fixan”*

O colexio público de ensino infantil e primario “Carballal-Cabral” manifesta a necesidade de poñer en funcionamento o ascensor do devandito centro educativo por razóns de índole académicas e de optimización de espazos docentes e de aprendizaxe ubicados na planta superior, polo que cómpre facilitar o acceso a esa planta aos distintos membros da comunidade educativa tanto do sector do profesorado como alumnado e familias, sobremaneira de alumnado de educación primaria con frecuentes dificultades de mobilidade que amosan imposibilidade temporal e transitoria para salvar escaleiras no seu acceso a planta superior por causa dalgún percance ou accidente o que ocorre con asiduidade no marco da súa actividade académica ou de lecer.

A posta en funcionamento do devandito ascensor conleva o seu mantemento, sendo necesario incrementar o número de ascensores a manter.

En base ao exposto, resulta procedente a modificación do contrato ao obxecto de incluír na relación de ascensores a manter o ascensor do CEIP Carballal-Cabral, o cal ten as seguintes características:

Edificio	Dirección	Tipo	Acce- sos	RAE	Vel. (m/s)	Pla- zas	Carga	Fabri- cante
CEIP Carballal-Cabral	Rúa da Lomba, nº 1, 36318 Vigo	1 ascensor hi- dráulico	3	31332	0.15	3	400 kg	Schindler

O prezo da modificación dende o mes de setembro de 2020 sería 996,19.- € (76,63 €/mes por 13 meses), resultado de dividir o prezo do contrato entre o número de ascensores recollidos no anexo I do PPT, que son 18, e os meses do contrato, 24 meses, do que resulta un prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 76,63 €.

Con cargo á partida orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación.”

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

1. Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, obedece ao incremento das labores do mantemento pola inclusión na relación de ascensores a manter do ascensor do CEIP Carballal-Cabral. (apartados 15.B e 15.C da FEC).
2. Supón un incremento do prezo do contrato de 996,19 euros (prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 76,63 €), que equivale a un 3,01 % do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.



Concello de Vigo

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, durante a vida útil dos aparatos elevadores, o mantemento dos mesmos en óptimas condicións de funcionamento e seguridade, de cara a evitar ou reducir as avarías ou fallos que provoquen a interrupción do servizo ou dificulten a súa operatividade, en base as competencias propias previstas no artigo 25.2.n da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local *“Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar cas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”*.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 996,19 euros; 306,52 euros no exercicio 2020 e 689,67 euros no exercicio 2021, que imputaranse á aplicación orzamentaria 3230/2279900 e bolsa de vinculación

Evacuado o trámite de audiencia o contratista, manifesta a súa conformidade coa

modificación proposta .

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-



Concello de Vigo

Recursos

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ao disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o contrato de mantemento de ascensores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do servizo de educación do Concello de Vigo (expediente 22985-332), nos termos sinalados neste informe. A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 996,19 euros (prezo de mantemento mensual de cada ascensor de 76,63 €) (IVE incluído) (un 3,01% do prezo do contrato).

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

Aplicación orzamentaria	2020	2021
3230/2279900 e bolsa de vinculación	306,52 €	689,67 €

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.-Publicar este acordo no perfil de contratante.

5.º - *Formalizar por escrito esta modificación.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(725).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez